

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** LIQUIDACIÓN SOBRE DO PADRÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE XULLO 2026

**EXPEDIENTE:** 2026/G003/000553

D. Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do concello de Curtis (A Coruña),

### ANTECEDENTES.

- Padrón de usuarios do Servizo de axuda no fogar, prestado segundo a ordenanza reguladora do dito servizo relativo ao mes de Xullo de 2026, asinado o 04/08/2026 pola traballadora social, no que se reflexan as horas prestadas a cada usuario e o importe de cada hora.

### NORMATIVA APLICABLE

Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de réxime local, modificado pola Lei 11/99, do 21 de abril,

Lei 5/97 do 22 de xullo, da Administración local de Galicia

Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Curtis (BOP núm. 76, 23/04/2014)

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a liquidación correspondente ao mes de Xullo, conforme ao informe da traballadora social asinado o 04/08/2026

Total liquidación de Xullo ..... 5115,22 €

|                       |           |
|-----------------------|-----------|
| SAF LIBRE CONCORRECIA | 263,48 €  |
| DEPENDENCIA           | 4851,74 € |

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público o padrón de usuarios por prazo de quince días hábiles a efectos de exame e reclamacións. En caso de non formularse alegacións contra o mesmo entenderase aprobado definitivamente.

**TERCEIRO.-** Contra o padrón de usuarios todos os interesados poderán interpor recurso de reposición, segundo disposto no artigo 14 do Real Decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a

notificación da resolución expresa ou de seis meses que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo. Tamén se poderá interpor calquer outro recurso que se estime oportuno.

**CUARTO.-** O aboamento cargarase no número de conta facilitado por cada un dos titulares dos usuarios dos servizos sociais. Finalizado o prazo de aboamento iniciárase o período executivo e a débeda resultante esixírase polo procedemento de contrinximento, con cargo do 20% e os xuros de demora que se devenguen desde o antedito período. Non obstante, o recargo será do 10% e non se esixirán xuros de demora se a débeda se aboase antes de recibir a notificación de providencia de contrinximento.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde ,

Dou fe, a Secretaria-interventora

D. Javier Francisco Caínzos Vázquez.

Rosa María Buján Ordóñez